

7. INTRODUCCIÓN Á HISTORIA

7.1. QUE É A HISTORIA?

- A Historia é o estudo do pasado. O historiador ou historiadora é a persoa que investiga a Historia.
- A Arqueoloxía é a ciencia que estuda, describe e interpreta as civilizacións antigas a través dos monumentos, as obras de arte, os utensilios e os documentos delas conservados ata a actualidade. A persoa que o investiga é o arqueólogo ou arqueóloga.
- QUE ESTUDAN OS HISTORIADORES?
 - Como vivía a xente
 - Eventos importantes do pasado

- POR QUE DEBEMOS ESTUDAR HISTORIA?
 - A Historia axúdanos a aprender sobre nós mesmos/as, dinos de onde vimos e explica as nosas culturas e tradicións.
 - Todos e todas somos parte da historia. No futuro os historiadores/as estudarán o que estamos vivindo.




1.1. As fontes históricas

As fontes son todo aquilo que nos dá información sobre o pasado. Temos dous tipos principais de fontes históricas:


- **FONTES PRIMARIAS**. Son fontes do mesmo tempo ou de pouco despois do período que estamos estudando: construcións, ferramentas, diarios, cartas, entrevistas, fotos, cadros...
- **FONTES SECUNDARIAS**: Son fontes creadas despois por alguén que non viviu o período de tempo que estamos estudando: libros de Historia e biografías redactadas tras o período histórico.

FONTES HISTÓRICAS



7.2. COMO SE CONTA O TEMPO?

- Cando falamos do pasado, necesitamos dicir cando ocorren as cousas. O noso calendario comeza co nacemento de Cristo no ano 1, polo que 2020 significa “2020 anos despois do nacemento de Cristo”.
- Para datar o que pasou antes do nacemento de Cristo contamos hacia atrás:




- Para os feitos que pasaron antes do nacemento de Cristo, engadimos **a.C.** ao ano, e para os ocorridos despois, engadimos d.C.
- Se na data non pon nin a.C. nin d.C., sempre é d.C.
- **GRUPOS DE DATAS**: Os historiadores adoitan poñer os eventos que ocorren nun mesmo período en grupos que se denominan:
 - Unha DÉCADA son 10 anos.
 - Un SÉCULO son 100 anos.
 - Un MILENIO son 1000 anos.
 - Unha ERA é un longo período de tempo, sen un número exacto de anos.

- As **décadas** denomínanse tras o primeiro ano da década, isto é, a década de 1920 a 1929 coñécese como a década de 1920 ou a década dos anos 20 (referíndose previamente ao século).
- Os **séculos** son nomeados tras o último ano do século: de 1901 a 2000 é o S.XX.
- Os **milenios** noméanse tras o último ano: de 1001 a 2000 falamos do segundo milenio.




7.3. EIXE CRONOLÓXICO


- Os eixes cronolóxicos ou liñas do tempo axúdannos a ver as cousas que ocorren na Historia dun xeito ordeado e visual. Poden amosar períodos ou eventos concretos.



- **PREHISTORIA E HISTORIA**

- A HISTORIA comeza coa aparición da escritura (3500 a.C. aproximadamente). O período anterior é a PREHISTORIA.
- A Prehistoria é a etapa máis longa da historia.





ÉPOCAS HISTÓRICAS

PREHISTORIA ata a **INVENCION DA ESCRITURA** (3000 a.C. aprox.)

IDADE ANTIGA ata a **CAÍDA DO IMPERIO ROMANO** (476)

IDADE MEDIA ata o **DESCUBRIMENTO DE AMÉRICA** (1492)

IDADE MODERNA ata a **REVOLUCIÓN FRANCESA** (1789)

IDADE CONTEMPORÁNEA ata **A ACTUALIDADE**



Repíte este esquema substituíndo “ata” por “desde”



Manifestacións contra a invasión de Irak



Furacán Katrina en EEUU



Contador gaña o Tour de Francia



Morte de Bin Laden

2000

2001

2002

2003

2004

2005

2006

2007

2008

2009

2010

11 S Atentado contra o World Trade Center (NY)



11M Atentados en Madrid



Afundimento do Prestige



Oscar á mellor película



España gaña o Mundial de Baloncesto

O TEMPO HISTÓRICO

